

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

RESOLUCIÓN do 14 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 20 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).

A Secretaría Xeral da Igualdade convocou para o ano 2023, a través da Resolución do 20 de abril de 2023 (DOG número 87, do 8 de maio), subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade a través dos seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B).

O artigo 10 da Resolución do 20 de abril de 2023, que establece o prazo e a forma de presentación das solicitudes, indica que a presentación das solicitudes se realizará obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Así mesmo, no artigo 11 determínase a documentación que se xuntará ao anexo da solicitude.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas ao abeiro da dita resolución de convocatoria pola unidade administrativa encargada da tramitación e a instrución dos procedementos, identificáronse aquelas que non reúnen a documentación necesaria, ben por non tela presentado, ben por conter erros, ou ben por non ser suficiente para a determinación do cumprimento dos requisitos exixidos para a súa posterior remisión á comisión encargada da súa valoración.



De conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o artigo 14 da citada resolución de convocatoria establece que se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, requirirase a entidade solicitante para que nun prazo de dez (10) días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo da correspondente resolución.

Así mesmo, o segundo parágrafo do artigo 14.1 da Resolución do 20 de abril de 2023 establece que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Así mesmo, os requirimentos tamén se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Polo exposto,

DISPOÑO:

1. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva exixida segundo o establecido nas bases reguladoras. Esta relación figura como anexo desta resolución (anexo: requirimentos de emenda de documentación, SI436A, SI435A e SI427B).

2. Facer indicación expresa a todas as entidades solicitantes que figuran no anexo desta resolución de que son requiridas para que no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece nesta resolución, coa advertencia de que, de non o facer, se terán por desistidas da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 desta mesma lei.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de emenda de documentación das solicitudes, poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade a través dos teléfonos indicados no artigo 27 da resolución de convocatoria (procedemento SI436A: 981 54 16 18, 881 99 91 63, 881 99 55 34 e 881 99 55 33; proce-



demento SI435A: 981 54 73 97 e 981 54 53 53, procedemento SI427B: 981 54 53 56), ou presencialmente.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO

Requirimentos de emenda de documentación (SI436A, SI435A, SI427B)

Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).

| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-------------------------|---|---|
| SI436A-2023-00000182-00 | Concello da Baña | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000153-00 | Concello da Guarda | 1. Anexo IV: punto 3.6 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000124-00 | Concello da Pobra do Brollón | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000176-00 | Concello da Pobra de Trives | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000184-00 | Concello da Veiga | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 3. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-00000013-00 | Concello das Neves | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000143-00 | Concello de Abadín | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000065-00 | Concello de Agolada | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000062-00 | Concello de Allariz | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000154-00 | Concello de Aranga | 1. Anexo I e anexo II: debe coincidir o importe solicitado 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000077-00 | Concello de Avión | 1. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-00000118-00 | Concello de Baiona | 1. Anexo IV: non cuberto. |
| SI436A-2023-00000162-00 | Concello de Barbadás | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000008-00 | Concello de Becerreá | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-------------------------|---|---|
| SI436A-2023-00000137-00 | Concello de Bergondo | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar horas e período de traballo dos/das monitores/as. |
| SI436A-2023-00000089-00 | Concello de Betanzos | 1. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-00000084-00 | Concello de Boborás | 1. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000157-00 | Concello de Boimorto | 1. Anexo IV: punto 2.1 cubrir se realiza actividades as fins de semana ou festivos. |
| SI436A-2023-00000186-00 | Concello de Bóveda | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000149-00 | Concello de Cabanas | 1. Anexo IV: punto 2.1 non cuberto, 2. Anexo IV: punto 3.2.2 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000179-00 | Concello de Caldas de Reis | 1. Anexo IV: punto 3.6 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000185-00 | Concello de Castrelo de Miño | 1. Anexo I.1: indicar as medidas que van solicitar. 2. Anexo II: indicar as mesmas medidas solicitadas no anexo I. 3. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 4. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-00000070-00 | Concello de Castroverde | 1. Anexo I e anexo II: debe coincidir o importe solicitado. 2. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 3. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000101-00 | Concello de Catoira | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000091-00 | Concello de Cerceda | 1. Anexo I asinado polo/a alcalde/alcaldesa. 2. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000188-00 | Concello de Coles | 1. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 2. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. 3. Anexo IV: punto 3.6 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000133-00 | Concello de Curtis | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000160-00 | Concello de Fisterra | 1. Anexo IV: punto 3.6 falta cubrir os custos das persoas contratadas. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000020-00 | Concello de Friol | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000109-00 | Concello de Guitiriz | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. 3. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000169-00 | Concello de Guntín | 1. Anexo I: indicar a medida solicitada. 2. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 3. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|--------------------------|--------------------------------------|--|
| SI436A-2023-00000175-00 | Concello de Lalín | 1. Anexo I: asinado polo/a alcalde/alcaldesa. 2. Anexo II: indicar as medidas solicitadas. 3. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000060-00 | Concello de Laza | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. 3. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 4. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-00000029-00 | Concello de Lousame | 1. Anexo I: asinado polo/a alcalde/alcaldesa. |
| SI436A-2023-00000167-00 | Concello de Maceda | 1. Anexo I: indicar o importe das outras subvencións solicitadas. |
| SI436A-2023-000000103-00 | Concello de Mazaricos | 1. Anexo IV: non cuberto. |
| SI436A-2023-00000038-00 | Concello de Meaño | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000177-00 | Concello de Meis | 1. Anexo IV: non cuberto. |
| SI436A-2023-000000106-00 | Concello de Melón | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.2.2 non está dentro do período subvencionable. 3. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-000000128-00 | Concello de Mesía | 1. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 2. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-000000166-00 | Concello de Miño | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. 2. Anexo IV: punto 3.1 aclaración do plan de sensibilización que se vai impartir. 3. Anexo IV: punto 3.5 concretar o número de traballadores/as dedicados a bolsas de coidados e a plans de formación coas horas diarias correspondentes. |
| SI436A-2023-000000035-00 | Concello de Moeche | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar horas e período de traballo dos/das monitores/as. |
| SI436A-2023-000000119-00 | Concello de Mondoñedo | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar horas e período de traballo dos/das monitores/as. |
| SI436A-2023-000000170-00 | Concello de Monterroso | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-000000121-00 | Concello de Mos | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-000000171-00 | Concello de Mugardos | 1. Anexo I: non indica o cargo da persoa que asina. |
| SI436A-2023-000000110-00 | Concello de Muxía | 1. Anexo I e anexo II: debe coincidir o importe solicitado. |
| SI436A-2023-000000164-00 | Concello de Negreira | 1. Anexo IV: non cuberto. |
| SI436A-2023-000000093-00 | Concello de Nigrán | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. |
| SI436A-2023-000000032-00 | Concello de Oímbra | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-000000019-00 | Concello de Ortigueira | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-000000139-00 | Concello de Outeiro de Rei | 1. Anexo I: asinado polo/a alcalde/alcaldesa. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|--------------------------|--------------------------------------|--|
| SI436A-2023-00000120-00 | Concello de Palas de Rei | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000123-00 | Concello de Parada de Sil | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000016-00 | Concello de Pazos de Borbén | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000027-00 | Concello de Poio | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. 2. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000010-00 | Concello de Pol | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000168-00 | Concello de Pontearreas | 1. Anexo I: non cuberto. 2. Anexo II: cubrir a medida solicitada. 3. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 4. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000178-00 | Concello de Pontedeume | 1. Anexo IV: punto 2.1 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000142-00 | Concello de Porqueira | 1. Anexo IV: punto 2.1 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. |
| SI436A-2023-00000078-00 | Concello de Portomarín | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a 2. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000158-00 | Concello de Rábade | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a 2. Anexo IV: non cuberto. |
| SI436A-2023-00000072-00 | Concello de Rairiz de Veiga | 1. Anexo I: non indica o cargo da persoa que asina. |
| SI436A-2023-00000114-00 | Concello de Redondela | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000052-00 | Concello de Rianxo | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000064-00 | Concello de Ribadavia | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000155-00 | Concello de Ribadumia | 1. Anexo I e anexo II debe coincidir o importe solicitado. 2. Anexo IV: punto 2.1 cubrir bolsa de coidados. 3. Anexo IV: punto: 3.2.2 cubrir bolsa de coidados. 4. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-000000108-00 | Concello de Rois | 1. Anexo I: non indica o cargo da persoa que asina. 2. Anexo I.1.: indicar a subvención solicitada. 3. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 4. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6 e as horas.. |
| SI436A-2023-00000049-00 | Concello de Sandiás | 1. Anexo I e anexo II debe coincidir o importe solicitado 2. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000127-00 | Concello de Silleda | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000098-00 | Concello de Touro | 1. Anexo I: indicar importe da subvención solicitada. 2. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 3. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000056-00 | Concello de Trabada | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000058-00 | Concello de Triacastela | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000085-00 | Concello de Vedra | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-------------------------|--|---|
| SI436A-2023-00000095-00 | Concello de Viana do Bolo | 1. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000132-00 | Concello de Vigo | 1. Anexo IV: punto 3.6 non está dentro do período subvencionable. 2. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000066-00 | Concello de Vilar de Santos | 1. Anexo IV: punto 3.6 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000183-00 | Concello de Vilariño de Conso | 1. Anexo I e anexo II debe coincidir o importe solicitado. 2. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000097-00 | Concello de Vilasantar | 1. Anexo IV: punto 2.1 non cuberto. |
| SI436A-2023-00000156-00 | Concello de Vimianzo | 1. Anexo I: cubrir conforme a medida solicitada. 2. Anexo II: cubrir conforme a medida solicitada. 3. Anexo IV: cubrir conforme a medida solicitada. 4. Anexo IV: punto 3.6 indicar se cumpren os perfís profesionais do artigo 6. |
| SI436A-2023-00000023-00 | Concello de Viveiro | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000055-00 | Concello de Xermade | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000134-00 | Concello do Carballiño | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. |
| SI436A-2023-00000163-00 | Concello do Irixo | 1. Anexo II: asinado polo/a secretario/a. 2. Anexo II bis: indicar o programa correcto. 3. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |
| SI436A-2023-00000174-00 | Concello do Pino | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. |
| SI436A-2023-0000018-00 | Concello do Porriño | 1. Anexo I e anexo II debe coincidir o importe solicitado. 2. Anexo II: asinado polo polo/a secretario/a. |
| SI436A-2023-00000026-00 | Concello do Saviñao | 1. Anexo I.1: indicar se ten solicitado ou percibido as taxas e o importe. |
| SI436A-2023-00000117-00 | Concello do Valadouro | 1. Anexo I e anexo II: debe coincidir o importe solicitado. |
| SI436A-2023-00000130-00 | Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Conso-Frieiras | 1. Anexo IV: punto 3.2.2 indicar a estimación do número de familias atendidas. |

Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A).

| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|--|--|
| SI435A-2023-079 | Agrupación dos Concellos da Cañiza e Melón | 1. Anexo II: non está asinado, o programa está mal indicado, e non cubriron o importe da subvención solicitada. 2. Anexo II bis: non o achegaron. 3. Convenio de colaboración: non o achegaron. 4. Anexo III: punto 2: deberán indicar o lugar onde se van realizar as actividades. Punto 3.1: deben indicar as datas previstas de inicio e fin e o horario de cada actuación ou medida singularizada. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: deberán indicar o período de inicio e fin da contratación das persoas que van levar a cabo as actuacións, así como o número de horas que cada persoa dedica ao programa. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|---|---|
| SI435A-2023-083 | Agrupación dos Concellos de Amoeiro e Coles | 1. Anexo I.2: non indican a contía da subvención solicitada. Non indican o tipo de actuación que van realizar. 2. Anexo II: non o achegaron. 3. Anexo II bis: non o achegaron. 4. Memoria de aforro de custos: non a achegaron. 5. Anexo III: está sen cubrir. |
| SI435A-2023-088 | Agrupación dos Concellos de Castrelo de Miño e A Arnoia | Anexo III: punto 3.1: indicar o horario de cada actividade. Deberán xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realizan as actividades. Punto 3.2: revisar as persoas participantes, xa que soamente poden computar as que están incluídas no artigo 7.1. Indiquen o sistema de selección das persoas participantes. Punto 3.3: indicar o sistema de organización, xestión e seguimento da medida realizada directamente pola entidade solicitante. Punto 3.6: indicar a denominación dos postos de traballo, indicando perfil, funcións que realiza e número de horas dedicadas ao programa por cada persoa contratada. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da/das persoa/s contratada/s para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, o posto de traballo. Punto 4.1: deberán relacionar unicamente os módulos ou actividades específicas en materia de sensibilización en igualdade, así como o número total de horas de cada módulo. |
| SI435A-2023-074 | Agrupación dos Concellos de Castro Caldelas e Montederramo | 1. Anexo II: non presentado. 2. Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades que se van realizar. Punto 3.1: indicar horario e número total de mulleres participantes (sen repetir). Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: funcións, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras. Puntos 3.6 e 3.7: os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que non son subvencionables. Deberán revisar a contía total e eliminarlos do seu cómputo. |
| SI435A-2023-048 | Agrupación dos Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar | 1. Anexo I e anexo II: a contía da subvención solicitada non pode ser superior a 28.000 €. 2. Anexo III: punto 3.1: deberán describir as actividades. Punto 3.2: indicar o sistema de selección das mulleres participantes. Punto 3.6: indicar as horas dedicadas ao programa de cada persoa contratada para levar a cabo as actuacións. |
| SI435A-2023-077 | Agrupación dos Concellos de Entrinno, Calvos de Randín e Rairiz de Veiga | Anexo III: punto 2: deberán indicar o lugar onde se van realizar as actividades. Punto 3.1: deben indicar as datas previstas de inicio e fin e o horario de cada actuación ou medida singularizada. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: deberán indicar o período de inicio e fin da contratación das persoas que van levar a cabo as actuacións, así como o número de horas que cada persoa dedica ao programa. |
| SI435A-2023-087 | Agrupación dos Concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e As Neves | 1. Anexo II: non o enviaron. 2. Anexo II bis: non o enviaron. 3. Anexo III: punto 3.1: deben indicar os horarios das actividades. Punto 3.2: deben indicar o sistema de selección das persoas participantes. Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: deben indicar o nome (ou, no seu defecto, o posto de traballo) das persoas contratadas, así coma o custo directo de persoal de cada unha. |
| SI435A-2023-008 | Agrupación dos Concellos de San Xoán de Río e Larouco | 1. Anexos I e II: a contía da subvención solicitada nos anexos I e II non coincide. A contía solicitada non pode ser superior ao custo directo de persoal. 2. Anexo III: punto 3.1: deben indicar o número de persoas participantes no programa (sen repetir). Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e o número de horas dedicadas ao programa para cada unha das persoas traballadoras. |
| SI435A-2023-013 | Agrupación dos Concellos de Xinzo de Limia, Sandiás e Vilar de Barrio | 1. Anexo II: non presentado. 2. Anexo III: punto 3.1. deben facer unha descrición de cada unha das actividades e o número de horas de cada unha delas. Punto 3.2: concreción do perfil das persoas participantes segundo o artigo 7.1.a) e sistema de selección. Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e o número de horas dedicadas ao programa para cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da/das persoa/s contratada/s para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, o posto de traballo. Os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que non son subvencionables. Deberán revisar a contía e eliminarlos do seu cómputo) |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|---|--|
| SI435A-2023-080 | Agrupación dos Concellos do Irixe e San Amaro | Anexo III: punto 3.1: deberán describir todas as actividades (debe coincidir coa relación indicada no punto 2). Indicar as datas previstas de inicio e fin de cada actividade, indicar os horarios, e xustificar a perspectiva de xénero. Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes, que teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Indicar o sistema de selección. Aclarar o total de persoas participantes (sen repetir). Punto 3.5: sen cubrir. Punto 3.6: enumerar as persoas contratadas para levar a cabo a medida (ou denominación do posto de traballo), indicando perfil, funcións, período de inicio e fin da contratación e número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: sen cubrir. Debe desagregar os custos directos de persoal (o custo individual de cada persoa). Punto 4.1: deberán relacionar unicamente os módulos ou actividades específicas en materia de sensibilización en igualdade, así como o número total de horas de cada módulo. |
| SI435A-2023-039 | Concello da Estrada | Anexo III: punto 3.1: deberán indicar o horario das actividades. Punto 3.2: indicar o sistema de selección das persoas participantes. Punto 3.3: indiquen a persoa/s do concello encargada do seguimento das actividades. |
| SI435A-2023-023 | Concello da Guarda | Anexo III: punto 3.2. aclarar a que colectivos de mulleres vulnerables se dirixen as actuacións (ademais das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos/as), segundo o artigo 7.1.a). Punto 4.1: para os efectos de valorar a solicitude deberán xustificar por que o total da actividade se corresponde con módulos específicos de promoción da igualdade, estereotipos de xénero, xogos coeducativos ou sensibilización en igualdade. |
| SI435A-2023-014 | Concello da Mezquita | 1. Anexo I e anexo II: a contía solicitada non pode ser superior ao custo directo de persoal 2. Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actuacións ou actividades que se van desenvolver. Punto 3.1: concretar a descrición das actuacións ou actividades que se van desenvolver e aclarar se o período de duración da actividade coincide co período de contratación do persoal indicado no punto 3.7. Así mesmo, deben xustificar a perspectiva de xénero. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Ademais deben indicar o sistema de selección. Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e o número de horas dedicadas ao programa para cada unha das persoas traballadoras. Os gastos de planificación e xustificación non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que non son subvencionables. Deberán revisar a contía e eliminalos do seu cómputo. |
| SI435A-2023-065 | Concello da Peroxa | Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actuacións ou actividades que se van desenvolver. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades e xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realizan estas. Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes, que teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: funcións, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras |
| SI435A-2023-075 | Concello da Pobra de Trives | 1. Anexo I.2: a contía solicitada non pode ser superior ao custo directo de persoal. 2. Anexo II: non presentado 3. Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades que se van realizar. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Indicar o sistema de selección. Punto 3.6: funcións, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa. Os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que non son subvencionables. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |
| SI435A-2023-050 | Concello da Rúa | Anexo III: punto 4.1: para os efectos de valorar a solicitude debe indicar o nome dos módulos ou actividades e o número de horas. Punto 4.2: para os efectos de valorar a solicitude debe indicar se ten ou non compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de xeito transversal empregando linguaxe inclusiva en todos os materiais da actividades, difusión e publicidade. |
| SI435A-2023-055 | Concello da Teixeira | 1. Anexo II: enviar de novo. Non se pode comprobar a validez da sinatura. 2. Anexo III: punto 3.1: indicar o horario das actividades. Deben xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Deberán indicar o horario das actividades. Punto 3.2. Concretar o perfil das persoas participantes. Teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Aclarar o número total de participantes (sen repetir). |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|---|---|
| SI435A-2023-082 | Concello da Veiga | 1. Anexo I.2: indicar a subvención solicitada para custos de persoal. 2. Anexo II: indicar o programa. Debe estar asinado pola persoa secretaria da entidade local. 3. Anexo III: punto 3.1: indicar as datas e o horario de cada unha das actividades e a xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realizan estas. Así mesmo, indicar o número total de mulleres participantes (sen repetir). Punto 3.2: As persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Indicar o sistema de selección. Punto 3.6: perfil, funcións que realizan, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e vinculación coa entidade de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |
| SI435A-2023-037 | Concello das Pontes de García Rodríguez | Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades. Punto 3.1: duración con indicación das datas de inicio e finalización, horario e xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes. Estas teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Concretar, así mesmo, o sistema de selección. Punto 3.3: sistema de organización, xestión e seguimento da medida realizada directamente pola entidade solicitante, con indicación da/das persoa/s responsable/s. Punto 3.6: funcións, período do inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, número de horas dedicadas ao programa e vinculación coa entidade de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal para cada unha das educadoras sociais. Punto 4.1: para os efectos de valorar a solicitude deberán xustificar por que o total da actividade se corresponde con módulos específicos de promoción da igualdade, estereotipos de xénero, xogos coeducativos ou sensibilización en igualdade. |
| SI435A-2023-027 | Concello de Allariz | 1. Anexos I e II: a contía da subvención solicitada non coincide. Ademais, o anexo II está sen asinar pola persoa secretaria do concello. 2. Anexo III: punto 3.1: concretar as actuacións, o seu horario e número de horas totais, que deberán coincidir coas da persoa contratada. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: número de horas totais dedicadas ao programa. |
| SI435A-2023-031 | Concello de Ames | 1. Anexo I.2: indicar a subvención solicitada para custos de persoal. 2. Anexo III: punto 2: relacionar no cadro a actuación ou actividades que se van desenvolver e os lugares de desenvolvemento. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades e xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). |
| SI435A-2023-053 | Concello de Arzúa | Anexo III: punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes. Teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Indicar o sistema de selección das persoas participantes. Indicar o total de mulleres participantes (sen repetir). Punto 3.6: o número de horas que lle dedican ás actividades as persoas contratadas non coincide coa duración da actividade. Punto 3.7: os gastos de coordinación e condución que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo. De ser preciso, deberán modificar a contía da subvención solicitada. Punto 4.1: para os efectos de valorar a solicitude deberán xustificar por que o total da actividade se corresponde con módulos específicos de promoción da igualdade, estereotipos de xénero, xogos coeducativos ou sensibilización en igualdade. |
| SI435A-2023-017 | Concello de Avión | 1. Anexo II: a data do acordo para solicitar as axudas non pode ser anterior á súa publicación. 2. Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actividades ou actuacións que se van desenvolver. Punto 3.1: deben facer unha descrición de cada unha das actividades e xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realizan estas. Ademais, deben aclarar o inicio e fin do bloque 3, xa que no punto 3.6 poñen outras datas. Punto 3.2: concretar as mulleres con «calquera outra situación non prevista» e os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Así mesmo, deben concretar o sistema de selección. Punto 3.6: indicar o perfil, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e as horas de cada unha das persoas contratadas. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|--------------------------------------|--|
| SI435A-2023-060 | Concello de Baiona | Anexo III: sen cubrir. |
| SI435A-2023-033 | Concello de Bande | Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades. Punto 3.1: deberán indicar as datas previstas de inicio e fin e os horarios das actividades. Deberán xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Aclarar o número total de participantes (sen repetir). |
| SI435A-2023-002 | Concello de Baños de Molgas | Anexo III: punto 3.1: deben xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: indicar o sistema de selección das persoas participantes. Punto 3.3: desenvolver o sistema de organización, xestión e seguimento da medida. Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa para cada unha das persoas traballadoras. Punto 4.1: para os efectos de valorar a solicitude deberán acreditar que o total da actividade se corresponde con módulos específicos de promoción da igualdade, estereotipos de xénero, xogos coeducativos ou sensibilización en igualdade. |
| SI435A-2023-024 | Concello de Barbadás | 1. Anexo I e anexo II: a contía solicitada non pode ser superior ao custo directo de persoal. 2. Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades. Punto 3.1: concretar en que consisten os «obradoiros de autocoidado», indicar os horarios das actividades e xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realizan estas. Punto 3.2: as persoas participantes teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Ademais, deben indicar o sistema de selección. Punto 3.6: indicar as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e o número de horas dedicadas ao programa para cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |
| SI435A-2023-044 | Concello de Betanzos | Anexo III: punto 3.1: concreción das actividades que se van realizar. Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes. Teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal para cada unha das persoas contratadas. |
| SI435A-2023-058 | Concello de Boborás | 1 Anexo I.2: cubrir o importe da subvención solicitada para os custos de persoal. 2. Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades que se van realizar. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades, número total de horas e número total de mulleres participantes (sen repetir). Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes, que teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivos de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.3: sistema de organización, xestión e seguimento da medida realizada directamente pola entidade solicitante. Punto 3.6: perfil, funcións, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da/das persoas/s contratada/s para o desenvolvemento das actividades ou, na súa falta, posto de traballo. |
| SI435A-2023-040 | Concello de Cabana de Bergantiños | Anexo III: punto 3.1: deberán indicar o horario das actividades. Punto 3.2: indicar o sistema de selección das persoas participantes. |
| SI435A-2023-072 | Concello de Cabanas | 1. Anexo I.2: acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito. 2. Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actuacións ou actividades que se van desenvolver. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades e número de horas. Punto 3.2: concretar o perfil das persoas participantes, que teñen que pertencer aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou colectivo de mulleres vulnerables. Para o caso de que, ademais, participen ou se dirixa a outras persoas, deberán acreditar os factores de risco ou vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Indicar o sistema de selección. Punto 3.5: concretar os medios materiais. Punto 3.6: indicar o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable para a educadora familiar. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación das persoas contratadas para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |



| Nº expediente | Entidade local (por orde alfabética) | Documentación requirida |
|-----------------|--------------------------------------|--|
| SI435A-2023-069 | Concello de Caldas de Reis | Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actuacións ou actividades que se van desenvolver. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades, horario e xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: indicar o sistema de selección. Punto 3.3: sistema de organización, xestión e seguimento da medida con indicación da/das persoas/s responsables. Punto 3.6: indicar o perfil, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas de cada unha das persoas contratadas. Soamente se subvencionarán os custos directos de persoal segundo o artigo 9.2.1. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |
| SI435A-2023-007 | Concello de Cambados | Anexo III: punto 2: relacionar no cadro as actuacións ou actividades que se van desenvolver. Punto 3.1: deben facer unha descrición de cada unha das actividades e especificar o total de horas do programa, que debe coincidir coas das persoas contratadas. Deben xustificar a perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade. Punto 3.2: concreción do perfil das persoas participantes segundo o artigo 7.1.a) e sistema de selección. Punto 3.3: sistema de organización, xestión e seguimento da medida realizada directamente pola entidade solicitante. Punto 3.6: número de horas dedicadas ao programa de cada un dos profesionais. |
| SI435A-2023-073 | Concello de Campo Lameiro | 1. Anexo II: non presentado. 2. Anexo III: punto 2: indicar o lugar de desenvolvemento das actuacións/actividades que se van realizar. Punto 3.1: descrición de cada unha das actividades, número total de horas e número total de mulleres participantes (sen repetir). Punto 3.2: concretar todas as situacións que se consideran de vulnerabilidade segundo o artigo 7.1.a). Punto 3.6: perfil, funcións que realizan, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e número de horas dedicadas ao programa de cada unha das persoas traballadoras. Punto 3.7: desagregar os custos directos de persoal con indicación da persoa contratada para o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, posto de traballo. |
